

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

28 de xaneiro de 2022

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día catorce de xaneiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), quen escusa a súa ausencia polo pasamento da exalcaldesa do Concello de Porriño.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

**PÉSAME POLO PASAMENTO DE EVA GARCIA DE LA TORRE,
EXALCALDESA DO CONCELLO DE O PORRIÑO**



Sra. Presidenta.- Bueno, bo día. Antes de comezar coa orde do día do Pleno ordinario e en nome de toda a Corporación queríamos enviarlle un forte abrazo á familia da que foi a primeira muller alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, que onte, sorprendentemente, pois faleceu. A verdade é que, como Presidenta da Deputación de Pontevedra, pero como amiga de Eva García, pois supuxo un golpe duro e unha forte dor e creo que esta administración e esta Corporación, como facemos sempre ante o falecemento, a perda dunha persoa vinculada ó mundo local, pois lle enviamos á súa familia, á súa filla e ó seu fillo, moi particularmente, pois todo o noso cariño e a forza que lle poidamos aportar. Eu quería estar no inicio do Pleno para trasladar en nome de todas e de todos o noso pésame e tamén para informarlles que vai a seguir coa orden do día do Pleno o Vicepresidente porque eu vou a ausentarme. Así que, bueno, en nome tamén de o Partido Socialista quero darlle as grazas por esta unidade que temos fronte á dor que provoca a desaparición dunha persoa, que ademais era moi nova. Así que grazas a todas e a todos e deixo o Pleno co Vicepresidente. Gracias.

Nestes intres auséntase a Sra. Presidenta da sesión plenaria e non volve a incorporarse.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Bueno, pois comezamos o Pleno ordinario de 28 de xaneiro de 2022.

1.7734.- **ACTA ANTERIOR**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Primeiro punto da orden do día. Aprobación do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 17 de decembro de 2021. ¿Algunha alegación ou algunha intervención sobre a acta? Dáse por aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión, extraordinaria do día 14 de decembro de 2021.

a) Parte resolutiva:



2.7735.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONCURSO PÚBLICO PARA O ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE, MEDIANTE PROCEDEMTO ABERTO, DE VARIAS PARCELAS (22) RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (SRAU-I OUTEDA-CURRO) NO CONCELLO DE BARRO. (EXPTE. 2022001061)

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Punto 2. Aprobación do expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias parcelas, 22 en concreto, do Polígono Industrial de Outeda-Curro. ¿Algunha intervención? Pois son 22 parcelas e salen tanto a propiedade, si queren comprala, son 99€, co IVA excluído, si e con incluído son 120, son 119 e senón poden constituír un dereito de superficie por un máximo de catro anos. Bueno, procédese á votación. ¿Votos en contra? Ningún. ¿Abstencións? Ningunha. ¿Votos a favor? Pois 26, ¿non?, bueno, de todos os presentes, sen a Presidenta somos 26.

O Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, a través de escrito de data 10 de xaneiro de 2022, co Código seguro de verificación (CSV):JPXH247B3G1H1ERT, informa que próximo a rematar o prazo para a adquisición por alleamento directo das parcelas dispoñibles no Polígono SRAU Industrial Outeda-Curro, é necesario iniciar a tramitación nun novo expediente para a venda das vinte e dúas (22) parcelas dispoñibles na actualidade, coa idea de fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia de Pontevedra ao destinar estes terreos á implantación de iniciativas empresariais que favorezan a creación de emprego e a realización de inversións.

Para a adxudicación destas parcelas propónse a convocatoria dun concurso público, mediante procedemento aberto, conforme ao disposto no artigo 137 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas. No Prego de Cláusulas Económico-Administrativas, regúlase a adxudicación dos dereitos de propiedade ou de superficie, segundo corresponda á elección dos licitadores, sobre as parcelas titularidade da Deputación de Pontevedra, podendo ser obxecto ditas parcelas dos seguintes negocios xurídicos: a) a transmisión-adquisición do dereito de propiedade e b) a constitución dun dereito de superficie por un prazo mínimo de 5 anos e máximo de 25 anos.



As parcelas obxecto da posible adxudicación dos dereitos de propiedade ou de superficie suman un total de 74.578,76 m², sendo o prezo repercutido sobre as parcelas de calquera das zonas de actividade o de 99,00€/m², IVE excluído, e de 119,79€/m², IVE engadido, segundo informe de valoración da Enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias de data 10 de xaneiro de 2022; taxación esixida no Regulamento de bens das Entidades Locais (artigo 118), Lei de Administración Local de Galicia (artigo 277.1) e Lei de Patrimonio das Administracións Públicas (artigo 138 en relación co 114).

Vista a nota de conformidade, de data 10 de xaneiro de 2022, emitida polo Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, en relación ao citado informe do Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, de acordo co disposto no artigo 3.4 do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe favorable á tramitación do presente expediente emitido en data 11 de xaneiro de 2022 polo Servizo de Intervención (CSV:78YIH5YLTRHBOITA).

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de vinte e dúas (22) parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no municipio de Barro, polos importes que figuran para cada parcela no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas, a razón de 99,00€/m², IVE excluído, e de 119,79€/m², IVE engadido.
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que rexerá este concurso público, por procedemento aberto, que obra no expediente e que foi asinado dixitalmente polo Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, co código de verificación IVXEQ8RRH9CE5ZHW.
3. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente concurso público, indicando que o prazo de presentación de ofertas rematará ás 10:00



horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

3.7736.- **ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES. (EXPTE. 2022000038)**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Ben, vamos co punto 2 da orde do día. Adhesión da Deputación de Pontevedra á Rede Española de Cidades Saudables. Algunha ..., -señor, espera, vou facer prácticas de ..., doulle aquí-.

Sr. López Font.- Gracias Presidente. Decía que, muy breve, para justificar un poco la propuesta que hacemos de adhesión a esta Red Española de Ciudades Saludables. Comentar que el Ministerio para el Medio Ambiente acaba de firmar un acuerdo con la FEMP para financiar en los próximos 3 años a los concellos y diputaciones, que son miembros de la Red de Ciudades Saludables, obras y actividades con un total de 18 millones. Entre las actuaciones a financiar están: infraestructuras para la realización de actividad física al aire libre y de fomento del uso de la bicicleta, diseño e implementación de rutas o circuitos saludables, tales como tramos urbanos de ríos, la mejora de la conectividad natural entre el medio urbano y periurbano o intervenciones orientadas a atenuar el efecto isla de calor urbana; creación también de espacios saludables que potencien la actividad física y la salud y desincentiven el uso del vehículo motorizado y privado. Finalmente para la promoción de hábitos y rutinas saludables entre la infancia y la adolescencia. Quería simplemente poner un poquito en conocimiento los motivos que nos llevan a solicitar la adhesión de esta Diputación a esta Red Española de Ciudades Saludables. Gracias.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias Sr. Font. ¿Algunha intervención máis? Non hai. Pois non habendo máis intervencións procedemos á votación. ¿Votos en contra? Non hai. ¿Abstencións? Tampouco hai. ¿Votos a favor? 26, ¿non falta ninguén, non? Entonces serían 25, igual antes, 25, serían 25.

A Rede Española de Cidades Saudables (RECS) é unha sección da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que traballa de maneira coordinada co Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social (MSCBS) para impulsar e estender a Rede por todo o territorio. E persegue a promoción e protección da saúde e o benestar dos cidadáns, en concordancia cos principios de



actuación correspondentes ao proxecto “Healthy Cities” da Organización Mundial da Saúde.

En xeral, as liñas xerais da Sección céntranse en:

- Asegurar o mantemento dos contactos interinstitucionais para a consolidación das relacións intersectoriais, necesarias no ámbito da promoción e protección da saúde.
- Fomentar a colaboración e a acción conxunta das cidades participantes en materia de promoción e protección da saúde.
- Axudar ás cidades participantes a desenvolver modelos operativos de promoción e protección da saúde na comunidade, que poidan servir como modelos de boa praxe no concernente á promoción e protección da saúde no contexto urbano, en concreto o diagnóstico e os plans de saúde.

Visto o informe da Intervención do 18/01/2022 e visto o ditame da Comisión Informativa de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente do día 24/01/2022, no que se ditamina favorablemente a adhesión a RECS.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, acorda por unanimidade, aprobar a adhesión á Rede Española de Cidades Saudables comprometéndose a:

- Elaborar unha análise de situación e un plan de saúde para a provincia.
- Cumprir coas obrigacións e exercer os dereitos establecidos nos artigos 8, 14 e 15 das Normas de Funcionamento e Organización da Rede Española de Cidades Saudables e, especialmente, a de abonar á FEMP a cota e socio titular da Rede que cada ano corresponda a esta Entidade Local en función do número dos seus habitantes, e que no presente exercicio ascende a 3.000 euros.

4.7737.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) RELATIVA A QUE A DEPUTACIÓN APROBE UN PLAN PROPIO PARA POR EN VALOR OS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DA PROVINCIA NO CASO DE QUE O MINISTERIO DE FOMENTO SUSPENDA AS SEGUINTE FASES. (EXPTE. 2022003488)**



Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Pasamos logo ó punto 4. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa a que a Deputación aprobe un plan propio para por en valor os xacementos arqueolóxicos da provincia no caso de que o Ministerio de Fomento suspenda as seguintes fases. Sr. ...

Sr. Cubela López.- Si, bos días. Queremos, aproveitando a primeira intervención que facemos neste Pleno, para sumarnos á dor de todos os veciños de O Porriño, da familia de Eva García, do Partido Socialista nesta Institución e en xeral do conxunto da provincia porque, como dicía a Presidenta, representaba ó mundo local, foi alcaldesa ata fai ben pouco i, evidentemente, a persoa está por enriba de todo e sentimos profundamente a dor e os sentimentos nestes momentos que acompañan a todas as súas persoas achegadas a Eva García de la Torre. Ben, vamos a facer a presentación desta Moción, hoxe, pois o Pleno é así, ¿non? A Deputación de Pontevedra asinou en marzo de 2015 un Convenio co Ministerio de Fomento para recuperar e poñer en valor os xacementos galaico-romanos da provincia. Este acordo contaba cun investimento de 6,4 millóns de euros e incluía actuacións nos xacementos galaico-romanos da nosa provincia. Unha iniciativa moi importante xa que recuperaba e poñía en valor o seu patrimonio, potenciaba os recursos e atractivos turísticos e destacaba o valor científico e socio cultural destes xacementos. O acordo asinado recollía como obrigas de cada unha das partes que a Deputación financiase traballos por importe de 2,1 millóns de euros para as seguintes tarefas: limpeza dos xacementos, mantemento dos xacementos, excavación e difusión e promoción e dixitalización. Entre as obrigas do Ministerio de Fomento salientábanse financiar traballos por importe de 4 millóns de euros, para a súa accesibilidade e sinalización e para a musealización dos seus xacementos. Anos despois de asinarse o convenio comprobamos como algunhas actuacións si se realizaron, pero a maior parte delas continúan sen facerse. Ademais, estes días limos nos medios de comunicación como o Ministerio de Fomento amosaba dúbidas sobre a continuidade deste proxecto e que estaba valorando se continuar ou suspender a súa participación nas seguintes fases. De cumprirse esta premisa hai moitos castros da provincia que se verían afectados por esta decisión. Polo tanto, hoxe a preocupación é dobre, por unha banda ese atraso inxustificable nos traballos de recuperación e posta en valor dos xacementos da provincia; e por outra, é preocupante que recentemente se amosasen serias dúbidas para continuar coas seguintes fases do protocolo asinado. Ante este anuncio non sabemos que ten pensado facer o goberno provincial. E por iso, dende o PP e o Grupo Provincial, consideramos que non podemos deixar á súa sorte ós xacementos da provincia. E por iso, no caso de



que o Ministerio de Fomento finalmente incumpra o protocolo entendemos que a Deputación debe reclamar e defender eses investimentos. Por iso presentamos esta moción, para que os traballos non morran e que sexa a Deputación a que lidere e asuma a recuperación dos xacementos da provincia, é dicir, propoñemos que se aprobe un plan propio para por en valor os xacementos arqueolóxicos da provincia; i que a Deputación asuma, se fora o caso, tamén as obrigas que tiña reservadas Fomento, ante a posibilidade de que o Ministerio non continúe coas actuacións que se subscribiron no convenio en 2015. Está presentada a Moción para o seu debate.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias Sr. Cubela. Sr. López Font, ten a palabra.

Sr. López Font.- Gracias Presidente. Bueno, no deja de sorprendernos ciertamente lo que ustedes hacen en este Pleno y la forma de hacer política, porque, tal y como en este caso, asumen como propios argumentos de un colectivo y se lanzan cual kamikazes a una Moción, ciertamente incongruente, incongruente con su acción política inmediata. Porque sino no se entiende, que el Partido Popular venga a pedir explicaciones, y lo acaba de decir el Sr. Cubela, de un protocolo firmado, efectivamente, el 14 de marzo del 2015, que hay que recordar que gobernaba en esta Diputación el Partido Popular. Pero, le falta por decir, Sr. Cubela, que era un protocolo sin asignación presupuestaria, que era un protocolo sin planificación ni actuaciones, por no tener no tenía ni disponibilidad de terrenos. Por lo tanto, es sorprendente, todavía más, que no se reconozca, eso ya es más difícil, pero que no se tenga en cuenta que fue este gobierno el que agilizó esta puesta a disposición de terrenos. Tuvo que ser, señoras y señores del Partido Popular, este gobierno quién asumiera que el yacimiento de Porta dos Arcos, Rodeiro, no se pudiera realizar por falta de autorización de Comunidad de Montes. Miren, en su Moción hay tales inexactitudes que no saben ni el número de yacimientos, no son 18, Sr. Cubela, son 17, hombre, lo primero hay que venir documentado; y fue este gobierno el que tuvo que cumplir con las obligaciones derivadas de su protocolo, del protocolo firmado por el gobierno del Sr. Louzán. Este gobierno es el que tuvo que hacer y realizar las prospecciones, limpiezas, etc., este gobierno fué el que llevó a cabo la exposición “Galaicos un pobo entre dous mundos”, que recorrió los Museos arqueológicos más importantes de España. Y tuvo que ser este gobierno quién firmara dos prórrogas, Sr. Cubela, dos prórrogas, que el gobierno del Sr. Rajoy ni siquiera redactó, y encima, y encima, a todo esto sin tener competencias en materia de protección del



Patrimonio en esta administración provincial; que se lo recuerdo porque ustedes de desconocimiento del Estatuto de Autonomía andan sobrados, son competencias de la Xunta de Galicia. Mire, el compromiso de esta Diputación es con hechos y no con declaraciones oportunistas, por eso, parece mentira que no atiendan a lo que se decide en las mesas de contratación de esta administración. Tenemos adjudicada la generación de contenidos digitales, las guías didácticas, la plataforma web. ¡Hombre!, es lamentable que allí donde deberían de hacer el seguimiento no lo recuerden. Pero miren, ustedes a enredar, nosotros a trabajar y a sacar adelante este proyecto desde el rigor que nunca tuvieron ustedes. Y les recuerdo que se han puesto en marcha completamente los yacimientos de Alobre, Toiríz y Asubirá. Y ahora estamos en la revisión de los otros 11 proyectos, para evaluar las características técnicas, de acuerdo con las directrices de la Dirección General de Patrimonio, que digo ya de paso, es de la Xunta de Galicia, y con rigor y con cumpliendo. Por lo tanto, aquí no se confundan, que la fase 2 no sólo no está paralizada sino que vamos a continuar adelante. Podría leer los 11, A Lanzada-Sanxenxo, Monte de Castro-Ribadumia, Castrolandín-Cuntis y demás, y si surgen incidencias tomaremos decisiones. Pero para el proyecto, continuemos, y no se preocupen por lo que no han leído e interpretado bien, de lo que ha dicho el Ministerio, porque estamos en el análisis de los proyectos. Pero si tan preocupados están por la protección del Patrimonio, preocupéense ustedes de los yacimientos que les corresponden, y empiezo por usted, empiezo por el yacimiento del Alto Cruz do Castro en el Concello de Cerdedo-Cotobade. Está en una situación lamentable de abandono de tal manera que ni siquiera se puede entrar a realizar una visita. Así que, pónganse a trabajar, pónganse ustedes las pilas, y recuérdeme a la Consellería de Cultura, a modo de ejemplo, que la declaración de BIC de Adro Vello lleva dos años pendiente y todavía, después de dos años, están en O Grove esperando. Gracias.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias Sr. Font. Sr. Cubela, vamos a ver, agora son 3 minutos. Ten a palabra.

Sr. Cubela López.- ¿Agora? Vale. Creo que a presentación da Moción foi totalmente respectuosa, vostede, que fai moi ben o papel de defensor do órgano acorazado desta Deputación, pois salta sempre cunha réplica totalmente dura contra a oposición. Claro que tuvo que ser este gobierno o que tuvera que facer todas esas actuacións, porque téñolle que lembrar, como vostede ben di, que o protocolo se firma no primeiro trimestre de 2015 e vostedes levan gobernando nesta Institución dende xullo dese mesmo ano, evidentemente que o tiñan que



desarrollar vostedes. A pregunta que queremos facer é que nos digan se o Ministerio vai a cumprir ou non, porque hai un retraso evidente e manifesto na execución deste protocolo. A Diputación tiña que acometer unha parte e o Ministerio outra, ¿que é o que está sucedendo?, ¿por que vostedes entón no ano 16 presentaron unha Moción neste Pleno onde entre os acordos que solicitaban reuníase instar ó Ministerio de Fomento a que cumpra co protocolo da posta en valor dos 18 castros da provincia integrados no protocolo asinado en marzo de 2015, 18, non 17, ó mellor o que non sabe cantos castros inclúe ese protocolo é vostede ou a persoa que lle redactara o discurso. Dende o ano 16 seguimos esperando as novidades con respecto a este importante acordo, era un acordo fundamental, porque se iba apoiar a concellos rurais, a concellos pequenos, entre outros, a poñer en valor os seus recursos turísticos. Evidentemente que moitos castros están a mato, como se fosen un bosque, porque dende que se fixo a primeira limpeza, que lle corresponde eso á Diputación non ó Ministerio, non se volveu a pasar por alí. A primeira limpeza que se fixo no castro Alto da Cruz, do meu concello, fíxoa a Deputación, dende que se fixo a primeira limpeza por alí non volvimos. I home, sorpréndenos moito tamén que o alcalde do Grove, o socialista José Cacabelos, que ten unha compañeira de goberno que é Deputada Provincial nesta casa, diga abertamente que a única opción para recuperar o xacemento de Adro Vello é a Xunta de Galicia, cando ese xacemento está incluído tamén neste convenio asinado entre a Diputación e o Ministerio. ¿Acaso é que a Diputación tamén está pensando en deixar morrer o protocolo e deixar á súa sorte os xacementos da provincia que se incluían neste convenio? Está moi ben facer obras nas grandes cidades, a pesar de non ser de titularidade provincial, pero hai que firmar e cumprir o firmado. E aquí hai 18 concellos, non 17, que ían a ter uns castros, uns xacementos arqueolóxicos que é desenvolver o turismo sostible e apostar por uns recursos importantísimos na nosa provincia; pero ante iso calan porque non se queren enfrentar a Madrid unha vez máis.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Grazas Sr. Cubela. Sr. López Font.

Sr. López Font.- Mire, estoy un poquito aburrido de esto de respetuoso, a respetuoso en todo caso el que más empata conmigo. Otra cuestión es los planteamientos políticos que tenemos cada uno. Mire, en Adro Vello la Xunta de Galicia no hizo caso a sus propios técnicos de la actuación que tenían que hacer. Yo ya dije que nosotros cumplimos nuestros compromisos con hechos y no con declaraciones oportunistas como hacen ustedes. Desconocen lo que hemos hecho, desconocen lo que estamos realizando y si vienen a dar consejos pues



conviene que se los apliquen a sus concellos, porque claro del Concello de Cerdedo-Cotobade y de lo que usted protege el patrimonio no me contestó absolutamente nada. Pero bueno, vienen a instar, como siempre a Diputación y a Gobierno de España. Claro que en ese año 16 nosotros instamos al Gobierno, por lo que dije anteriormente, porque había dos protocolos que estaban sin redactar, pero de lo que se olvidan es de instar a la Xunta de Galicia a que cumpla con la obligación que tiene en el Estatuto de Autonomía en cuanto a protección del Patrimonio. Desde luego esto es una desfachatez completa, y claro, nos obligan a hablar del pasado, ustedes, y yo le voy a hablar también del pasado. Miren, el Trazas de Pontevedra también nace de un protocolo firmado entre dos gobiernos Populares y quedó literalmente en papel mojado. Pero miren, dado que quiere hablar del pasado y de lo que hicieron y demás, es que, esto de los yacimientos en cuanto a consistencia, a inconsistencia de lo que ustedes hicieron, es lo mismo que lo de las Pousadas, que también era sólo papel y propaganda. Cuando llegamos aquí las Pousadas no tenían licencia ni de primera ocupación, no tenían ni licencia de actividad, ni seguro para las instalaciones, carecían de contratación de vigilancia y seguridad y hasta habían agotado el presupuesto para suministro eléctrico. Le recuerdo que las irregularidades del proyecto de las Pousadas fueron objeto de preguntas parlamentarias en Europa, ¡eh!, en Europa, en el 2013, y denuncia de la oficina europea de lucha contra el fraude en el 2014. Pero mire, le voy a poner más ejemplos, Sr. Cubela: esta Diputación tuvo que devolver 3,6 millones de euros, por el programa Deputrans, y no recibimos ayudas por importe de 6,1 millones de euros, por Depogal porque ya estaban gastadas y abonadas a los contratistas; y todo por las graves irregularidades que se detectaron en las auditorías del Consello de Contas. Por lo tanto, no se preocupe por los yacimientos, déjenos trabajar, a quién le dijo que presentaran esta Moción le recomiendo la misma tranquilidad que a usted.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias Sr. Font. Dálle, eso. -Vamos a ver, esto ahora son ...-

Sr. Cubela López.- Si. Bueno, Sr. Font, están vostedes nestes últimos tempos para falar de irregularidades dende o PSOE, dende o PSOE de Vigo e dende a Diputación. Están vostedes para falar do pleistoceno político coas Pousadas. Deixouno ben claro, vostede di que a competencia en materia de patrimonio cultural é da Xunta; vostede deixa de soslaio que o convenio non vai a continuar. Son vostedes os que tiñan que pedir todo o que faltaba no protocolo, pero se pasaron 3 meses, 4 meses, dende que se firmou o Protocolo, a quen lles



correspondía desarrollalo era á Diputación. Ao PP lle esiximos, gobernando en Madrid, cunha Moción na Diputación que leve a cabo a execución e que cumpra co protocolo, pero cando se lle pide ao Goberno Socialista que goberna en Madrid quedamos caladiños. Ese é o seu problema, esta é unha Moción apolítica, aquí non hai ideoloxía, aquí non hai ideas políticas, aquí non hai aventurarse a nada, é simplemente defender un protocolo que estaba en execución, que era moi fermoso, que ía a beneficiar moito ao turismo do interior da provincia de Pontevedra i que vostedes non queren mover un pau nin un fio para levalo adiante, porque, claro, hai que enfrentarse ao PSOE en Madrid e non poden entender que ás veces hai que elevar a voz, incluso publicamente, e apoiar mocións transparentes, brancas, como esta, para defender o dos concellos. Evidentemente que, un dos castros que está dentro deste convenio, o de Cerdedo-Cotobade está como está, porque os que firmaron que tiñan que limpiar e que tiñan que levalo adiante cunha musealización e cunhas actuacións foi a Diputación e o Ministerio de Fomento. Os concellos só estaban presentes para a firma do protocolo, non hai ningún tipo de obriga nese protocolo para os concellos. Anuncien que o van abandonar e polo menos pois os concellos poidamos actuar, pero é que deixan unha vez máis que este tipo de actuacións non lles interesan.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Grazas Sr. Cubela. A ver se me enterei, ou sea, é unha Moción de tipo preventivo, por si acaso o Ministerio toma unha decisión que non tomou, entonces adiantámonos a ver que pasa nesa situación. Bueno, xa haberá ocasión, a ver como devén os feitos, creo que o entendín ben. Bueno, procedemos á votación. ¿Votos en contra? Deben ser 15, ¿non? ¿Abstencións? Non hai. ¿Votos a favor? Serán 9, 10, si, son 11, si, 10. Bueno, queda rexeitada pola maioría do Pleno.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Turismo, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do PP, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa a que a Deputación aprobe un plan propio para por en valor os xacementos arqueolóxicos da provincia no caso de que o Ministerio de Fomento suspenda as seguintes fases.

5.7738.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA SOLICITAR A MELLORA E RECUPERACIÓN DA PONTE DAS ACHAS E O SEU**



CONTORNO NO CONCELLO DA CAÑIZA. (EXPTÉ. 2022003487)

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- E agora vamos ó punto número 5, Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para solicitar a mellora e recuperación da Ponte das Achas e o seu contorno no Concello da Cañiza. ¿Quen é...? No, no, era por se había que mandar levar, pero se é aí, xa está. Moi ben. Vamos alá.

Sr. Domínguez Alfonso.- Bueno, bos días. A Ponte das Achas é mencionada normalmente como unha ponte románico do século XII ou do século XIII, cunha posible orixe romana. Con todo, actualmente dá máis a impresión de ser unha ponte do século XVIII, xa que quizás foi modificado en sucesivas e diferentes épocas. Por aquí pasaba o camiño que comunicaba o Mosteiro de Melón e dirixíase ó Santuario da Franqueira, ademais tratábase dunha importante vía, xa que unía o sur da provincia de Pontevedra con Ourense. A Ponte das Achas xunto coa Ponte de Mourentán en Arbo foron claves no devir da historia da guerra da Independencia contra as tropas de Napoleón en Galicia, e ambas as pontes están consideradas como sitios da Comarca da Paradanta da resistencia das armas contra as tropas napoleónicas nos acontecementos do mes de febreiro de 1809 en Galicia. O 14 de decembro de 2012 no marco dunha visita do anterior Presidente da Deputación, Rafael Louzán, que realizou á Cañiza, anuncia que unha das peticións máis importantes realizadas polo Concello da Cañiza ante a Deputación estaba incluída nos orzamentos de 2013, esto é a construción dunha nova variante na EP-5002 que incluía unha nova ponte sobre o río Deva eliminando a circulación pola ponte románica. Este novo viario ten un percorrido de 650 metros e contempla unha dobre ponte sobre o río Deva, de 30 metros de lonxitude, repartido en tres vans, con espazos para o tráfico peonil; un total de 9m. de ancho con todos os servizos necesarios e unha correcta sinalización horizontal e vertical. A construción deste vial alternativo á ponte románica das Achas, de incalculable valor patrimonial e histórico, estivo motivado pola grande densidade de tráfico que diariamente circula por esta estrada provincial, tendo a ponte que soportar pesos excesivos durante todo o día. Durante a fin de semana o tráfico identifícase aínda máis dado que esta EP5002 é un dos principais vias de acceso ó Santuario da Franqueira, un dos santuarios máis antigos de toda Galicia e unha das estradas que xa pedimos en este mesmo Pleno que se arranxase. Este proxecto contou coa aprobación maioritaria dos veciños afectados pero a obra sufriu un importante atraso na súa execución motivado por



intereses políticos do Grupo Socialista da Cañiza, que forzou a suspensión e a aprobación definitiva da obra para abordar alternativas ó trazado orixinal, cando o único obxectivo era atrasar a construción deste novo vial. Tanto é así que a actual Presidenta da Deputación de Pontevedra inaugurou esta obra en decembro de 2016 sen ter modificado ningún tramo do proxecto inicial aprobado polo goberno provincial anterior. E chegou a manifestar nesa inauguración, e leo palabras textuais da nota de prensa da Diputación, “Ter feito esta variante é unha moi boa idea, é un proxecto que vén do goberno anterior e non hai problema en recoñecer cuestións que no pasado se planificaron ben, porque esta variante era unha obriga que había que facer si ou si; como Presidenta da Deputación estou encantada de facer público este investimento porque era fundamental”, asegurou en aquel momento a Presidenta Carmela Silva. Ademais comprometeuse a executar os traballos necesarios para a restauración da ponte medieval e todo o seu entorno, de incalculable valor patrimonial, como xa dixen, pero a día de hoxe a Ponte das Achas sigue esperando a súa recuperación. Ante estes feitos e sendo conscientes do que esta infraestrutura ten para a Cañiza e para toda a Comarca da Paradanta, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ó Pleno a adopción do seguinte acordo: Que a Deputación de Pontevedra execute as obras necesarias para a recuperación e mellora da ponte románica de incalculable valor, non só patrimonial senón tamén histórico, ó estar considerado coma un dos sitios da Comarca da Paradanta máis representativos das resistencias contra as tropas napoleónicas nos acontecementos de 1809 en Galicia.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Gracias. Por parte do, si, vamos a poñer, aunque pode estar controlado ...

Sr. Agís Gómez.- Si, bueno, pois outra Moción que se presenta por parte do Partido Popular sen valorar, oportunista, como sempre, e sen ningún tipo de medo a facer o ridículo. Vexo que, fainos unha lección histórica e nos fai, se queixan de algo, que bueno, que a propia Presidenta inaugurou e que lle recoñeceu, en todo caso, e fan referencia á rehabilitación da ponte. Bueno, veñen como é habitual, a reclamar algo que xa se está facendo e que, por iso, bueno, pretenden colgarse unha medalla nos medios locais, máis o grave é que neste caso reclaman vostedes menos do que se está facendo. Vostede, Sr. Domínguez, é habitual, bueno, escoita campás do que se vai a facer na zona e presenta unha Moción para ver se pesca algo en río revolto, pero, como sempre, vaille saír mal. Mire, o actual alcalde de A Cañiza considerou que a proposta de actuación que vostede fai de actuar só na Ponte das Achas e no seu entorno era insuficiente, así



que, pideu que se abordara todo o seu entorno, comunicando o núcleo das Achas co núcleo da Ponte pola antiga estrada. Trasladou tamén a necesidade de que se recollesen as vivendas existentes no lugar, que se mellorase a seguridade vial, antepoñendo as persoas ós vehículos, de acordo ó Decálogo da Deputación de Pontevedra. Recollidas estas demandas, que eran moito máis adecuadas que as iniciais, a Deputación púxose mans á obra e hoxe podemos dicir que xa está redactado o proxecto definitivo. Con el se recuperará todo o tramo vello da estrada provincial, da EP-5002, na contorna da Ponte románica de As Achas, son, o alcance da obra 560 m. de actuación que se corresponde co antigo percorrido. O novo proxecto, para a recuperación do tramo vello, está valorado en 411.000 euros, importe no que está incluída a Ponte das Achas. Así que, Sr. Domínguez, a súa reclamación de restauración de dita Ponte non é necesaria xa que a temos incorporada nun proxecto moito máis amplo, de maior dimensión, o proxecto máis acorde ao que se merece a cidadanía da Cañiza e dalquel entorno. Nós traballamos, e á vista do sucedido, a moita maior velocidade que vostedes, teña claro que o proxecto seguirá adiante, executarase de acordo á planificación prevista, conservación e mellora, en base á conservación e mellora da Rede provincial de estradas, tan pronto como teñamos os terreos postos a disposición por parte do alcalde. Efectivamente, tivemos varias reunións e estuvemos adecuando o proxecto, o proxecto está xa finiquitado, como se está a relatar e o alcalde está a traballar nas cesións para poder executalo no mellor prazo posible.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Grazas. Ten a palabra.

Sr. Domínguez Alfonso.- Como era de esperar, bueno, a resposta súa todos sabíamos o que ía a ser, xa o temos feito, xa temos nun caixón metido, xa está todo preparado, vostedes veñen a destempo. Pero o que acaba de dicir vostede realmente é que aquí estamos cunhas velocidades distintas, dice vostede que non paran de facer nada, ou sexa de estar traballando neste proxecto, sin embargo, dígolle que pasaron xa máis de 5 anos e aínda non hai nada feito. En 2016, repítoallo unha vez máis, solicíteille, sendo alcalde solicítolle á Presidenta da Deputación a reparación desta ponte. E nesa inauguración, que facía mención antes na exposición da Moción, o deputado de Mobilidade en aquel momento, Uxío Benítez, manifesta, estamos estudando a posibilidade de facer un proxecto de recuperación da ponte e de todo o seu entorno, que se conserva en bastante bo estado e dá pé a que poidamos poñelo en valor e facer así un núcleo para o disfrute das persoas, xa que acabamos de retirar o tráfico. Decembro de 2016. En 2018, despois de ter distintas reunións co deputado Uxío Benítez, presento un



escrito novamente, esta vez acompañado polas firmas dos veciños da zona. A resposta en aquel momento de Uxío Benítez foi bastante similar á súa, el alí, naquel momento dicíase que “o alcalde non sei cal é o interese que lle move a presentar esto, porque esto xa estaba feito, xa o temos feito, xa o temos preparado, está todo preparado, non sei a que vén aquí o alcalde a pedir nada, cando realmente esto xa está feito, simplemente se lle moven os intereses electoralistas”; o mesmo que acaba de dicir vostede. Agora, en 2022, pasados máis de 5 anos desa primeira promesa da Presidenta da Diputación, volvo outra vez aquí a este Pleno a pedir o mesmo que pedín xa moitas veces como alcalde, de forma formal e informal. E, voulle dicir unha cousa, Sr. Agís, creo, sinceramente, que vostede fixo totalmente o ridículo cando saca a nota de prensa ó día seguinte de presentar eu esta Moción, de rexistrala, ó día seguinte sacan esa Moción, a min, sinceramente, como veciño, sen entrar en consideracións políticas, oe, isto é facer o ridículo, estar esperando a que veña o PP a reclamar que se faga esa ponte para o día seguinte sacar unha nota dicindo xa o temos todo preparado, xa está todo feito, a min, sinceramente, paréceme ridículo pola súa parte. Ademais sempre teñen todo preparado, sempre teñen todo feito, sen embargo non sacaron nada, de feito está alí, a ponte está alí para ver perfectamente que non hai nada feito, non hai ningún proxecto presentado, non hai nada. É máis, aprobamos non fai moito aquí os orzamentos do ano 2022, desta casa, ¿está metida a partida orzamentaria correspondente para levar a cabo esas obras de catrocentos e pico mil euros que acaba de dicir vostede? Non, eu polo menos non a vin. Debe de estar ben escondida dentro dos orzamentos da Deputación esa partida. Non teño ningunha dúbida de que os profesionais desta casa, os técnicos desta casa terían feito xa ese proxecto dende o ano 2018, que me imaxino que Uxío Benítez, naquel momento, non mentiría tanto como está mentindo vostede, e encargaría ese proxecto, imaxino, tiveron 5 anos para facelo, imaxino que estará feito. Pero vaimos dicir a min vostede que un proxecto que leva 5 anos espera a anunciálo ó día seguinte de presentar eu unha Moción aquí neste Pleno. ¿Quen busca os intereses electoralistas?, ¿nós ou vostedes? ¿Quen estaba esperando a que se aproximasen as eleccións municipais do ano 23 para presentar este proxecto? Se o proxecto leva feito 2 anos tiveron tempo de sobra para presentalo. ¿Quen busca aquí realmente os intereses electoralistas?, ¿nós ou vostedes?

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Grazas. Si.



Sr. Agís Gómez.- Sr. Domínguez, o que é ridículo e patético é que se presente unha Moción xusto despois de remitir o proxecto definitivo ó concello. Eso é o que é lamentable, ademais que é unha aptitude sistemática, o fan sempre, non é este caso, é que o fan por sistema, cando teñen coñecemento de que se pecha un proxecto se adiantan para intentar acaparar o mérito ou para intentar que pareza que fan algo. E, lle repito, vostede no 2016 pediu que se arreglara a ponte, pero se fixo un proxecto moito máis ambicioso, moito máis amplo, que dá cobertura a todas as necesidades desos núcleos e se comunican en condicións de seguridade a través de sendas peonís. O que é lamentable é que dende o ano 2016, que di vostede que reclamou esa actuación, presenta a Moción xusto cando se remite o proxecto ó concello. Eso é o que é vergoñento, ridículo e patético, ¿eh?, porque ademais é sistemático, ¿vale?, cambien o modus operandi, non pode ser que cando se vaia a facer unha actuación a reclamen vostedes, para intentar levar a ascua á súa sardiña, porque é unha política de tan pouco recorrido, tan patética, á que estamos acostumados, ... moi tempo, que un se farta, porque é sistemático, ¿eh?; vale, cando se enteran, cando llo comunican, cando llo fan chegar, ¿vale?, cando llo filtran, vostedes presentan unha Moción. Eso é que é patético e denota a pouca talla política, e vostede especialmente, porque as defende sempre vostede. Polo tanto, esta política de pouco recorrido para min, ¿eh?, para min defíneo como deputado, o define; creo, creo, creo que o responsable, o razonable, é axudar, empuxar, poñerse a traballar e axudar para que os proxectos salgan, non poñer problemas e trabas e poñer paus nas rodas, que é o que fan habitualmente. É un proxecto ambicioso, de 411.000 euros, que se vai a facer en tempo breve, estamos traballando en colaboración co Concello da Cañiza para ter a disposición os, ter a disposición os terreos para executalo canto antes, porque somos conscientes da importancia que ten este proxecto, non só para a protección do patrimonio e da Ponte das Achas, senón para os propios veciños do entorno. Tamén di vostede que tuvemos tempo de sobra, si, pero temos unha rede de 1.700 quilómetros, temos unha rede amplísima, anteriormente esta Diputación tardaba, tardaba 40 anos en facer actuacións reclamadas polos alcaldes, agora se fan convenios moi habitualmente, se atenden todas as peticións dos alcaldes e se traballa en coordinación, por certo, non con algúns alcaldes, con todos os alcaldes, sexan do color político que sexan.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Grazas Sr. Agís. Ten a palabra.

Sr. Domínguez Alfonso.- Si, decía que a súa nota de prensa ó día seguinte de presentar eu a Moción me parecía ridícula, a súa intervención vou a non



comentalala tan sequera, porque xa, rozamos xa algo patético. Estamos sempre no mesmo, estaba todo feito, nós facemos, nós temos, no pasado facíase, non sei cantas cousas máis. Mire, voulle dicir unha cousa a vostede que quedou estupefacto despois de ver a Moción que nós aquí presentamos. Cando presentei aquí unha Moción pedindo un convenio de colaboración para que se arranxase a piscina climatizada da Cañiza, o Grupo Socialista de Pontevedra tachou a miña proposta de escandalosa, fai 3 semanas, asinouse ese convenio para arreglar a piscina climatizada. Vostede hoxe queda aquí estupefacto, despois de presentar eu unha Moción, que lle repito, presenteina o 2016, presenteina o 2018, que tuven varias reunións co deputado Uxío Benítez, e sempre se dixo que se ía a facer, pero 5 anos despois non se fixo nada e temos que esperar a que eu veña aquí cunha Moción para de repente aparecer ese proxecto. Mire, hai unha diferenza moi grande entre vostedes e nós, nós estamos aquí para defender os intereses dos veciños, vós están aquí para defender os intereses do seu partido. E, vese claramente, porque eu unha mesma cousa reclameina no 2016, no 2018, sendo alcalde, e volvo a reclamala como deputado provincial. ¿Sabe que lle digo? Se se arregla a piscina co convenio ese que pedín aquí e que tacharon vostedes de escandaloso, estarei encantado de que se faga e que se reabra un servizo que nunca debeu ser pechado, ¿por que?, porque a vou a disfrutar eu e a miña familia. Se se arregla a Ponte das Achas e espero que isto sirva para que realmente se arregle esta Ponte das Achas, á diferenza de vostede e á diferenza de moitos que moito falan e non fan nada, disfrutarei dese entorno, porque se se fai como se quedou de facer no seu principio e como se comprometeu comigo Uxío Benítez, sería un espazo de lecer para disfrute de todos os veciños e veciñas da Cañiza e aí estarei encantado de que se faga. Espero de que por fin se poida facer esta obra despois de traer aquí esta Moción.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Ben, creo que se necesita unha pequena aclaración, ¿non?, que a piscina, o que pedía o deputado no seu momento era que fixéramos unha cacicada como un mundo facendo algo coa Cañiza que non se facía con ninguén. Agora houbo o Reacpon, por concurrencia competitiva, presentouse un proxecto que cumpría e polo tanto faise. É un matiz creo que, creo que absolutamente substancial, igual que, igual que conseguir os terreos e adaptar os proxectos ós terreos que se poden conseguir leva tempo, leva tempo. Non hai alusións. Non hai alusións señor ... Procedemos á votación. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Non hai. ¿Votos a favor? Queda rexeitada por 15 votos en contra e 10 tal.



O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do PP, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para solicitar a mellora e recuperación da Ponte das Achas e do seu contorno no Concello da Cañiza.

6.7739.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Ben, vamos entón ó ... Asuntos fóra da orde do día. Non hai.

Non houbo.

b) Parte de información e control:

7.7740.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2021. (EXPTE. 2022001924)**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Parte de información e control. 7. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de decembro de 2021. Estaba no expediente. ¿Algunha pregunta ou aclaración? Non hai. Polo tanto, queda dada conta.

A Intervención con data 13 de xaneiro de 2022, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de decembro de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.



O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de decembro de 2021 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DECEMBRO 2021

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Decembro	8,9642970154	5.346.021,97	12,2878233577	507.974,93	9,2526928055
Escola de Enfermería	Decembro	1,6812641224	4.823,90	0,0000000000	0,00	1,6812641224
Consortio de Incendios e Salvamento	Decembro	16,4280281807	145.387,46	0,0000000000	0,00	16,4280281807
Consortio Deza Tabeirós	Decembro	12,3570263000	22.498,76	0,0000000000	0,00	12,3570263000
TOTAL			5.518.732,09		507.974,93	9,4313183170

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2022 quedou enterada do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de decembro de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto



635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de decembro de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

8.7741.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DURANTE O 4º TRIMESTRE DO 2021 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. (EXPTE. 2022001925)**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- 8. Dar conta do informe de Intervención relativo ó cumprimento durante o 4º trimestre do 2021 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto ... Estaba no expediente ¿non? Están os Sres. Deputados e Sras. Deputadas informados. ¿Algún comentario? Non hai.

A Intervención con data 17 de xaneiro de 2022, elaborou un informe dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e o Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o 4º trimestre do 2021, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita Lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.



Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 4º trimestre de 2021, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2021

1. Con referencia á data de conformidade da factura

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	8	3.780	14.370.758,13 €	23	35.319,01 €
Escola de Enfermería	1	20	9.174,41 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	2	102	181.755,10 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	11	95	37.985,27 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	18	39	216.946,25 €	6	27.136,45 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	0	0	0,00 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base os cálculos detallados neste informe podemos concluír que **se cumpre** co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2022 tivo coñecemento do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola



Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, durante o 4º trimestre de 2021, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o cuarto trimestre de 2021.

9.7742.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS.**
(EXPTE. 2022003682)

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Ben. 9. Dar conta das Resolucións Presidenciais. Tamén estaban no expediente. ¿Algunha pregunta, algún comentario? Non hai.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 11 e 24 de xaneiro de 2022.

10.7743.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Ben, pois vamos polo tanto ó punto 10. Rogos e preguntas. Non hai. Pois queda o Pleno rematado e levántase a sesión e bo fin de semana e bo día a todos e a todas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e cincuenta e dous minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

